

Documentación e diagnose para a conservación e posta en valor dos gravados rupestres dos Mouchos, Rianxo (A Coruña)

ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

Deseguido, descríbense os resultados obtidos nos labores de limpeza, documentación e diagnose efectuadas do 8 ao 26 de novembro no xacemento dos Mouchos (GA15072020), situado no lugar dos Mouchos/Brión, parroquia de S^a M^a de Leiro, Rianxo (A Coruña)¹. O obxectivo desta intervención consistiu en realizar unha actuación superficial no contorno inmediato das tres rochas con gravados que definen o xacemento, procedendo á súa limpeza co fin de delimitar a superficie total de cada estación e a posterior documentación e estudo.

O primeiro paso que se realizou no marco da intervención na estación dos Mouchos foi a limpeza das rochas con gravados e do seu contorno inmediato da vexetación de monte alto que cubría toda a aba E do Monte dos Mouchos e dos materiais depositados na base dos afloramentos, co fin de deixar ao descuberto tanto os propios paneis como as rochas circundantes e comprobar a existencia de motivos que ata o intre pasaran desapercibidos por atoparse ocultos pola vexetación ou polos sedimentos acumulados.

Procedeuse á análise nocturna dos afloramentos con luz rasante, apreciando a existencia de novos motivos e resolvendo as dúbidas existentes naqueles sectores que, polo seu nivel de erosión, resultaban máis dificultosos de observar baixo a luz solar. Neste intre realizáronse as principais anotacións e remarcáronse os motivos para o seu posterior calco.

Un último paso consistiu no levantamento topográfico de cada afloramento con gravados mediante estación total, no



que logo se incluíu o calco previamente realizado, obténdose unha reprodución tridimensional dos petróglifos que permite apreciar de xeito realista os gravados e que, posteriormente, poderá ser empregada como material audiovisual nas actividades de difusión.

Como resultado, documentouse a presenza de novos motivos, entre eles tres antropomorfos inéditos armados con posibles escudos e cunha lanza ou xavelina, dispostos a escasos centímetros dun gran antropomorfo xa coñecido representado coas extremidades superiores alzadas, portando iguais armas ca os anteriores.

A información recollida nas fases precedentes foi analizada desde o punto de vista iconográfico, atendendo a aspectos tales como a organización dos motivos, a perspectiva ou o dinamismo dado, que forman parte dun código visual que os artistas prehistóricos empregaron para transmitir unha serie de ideas que para eles puideron ser fundamentais. Así mesmo, procedeuse á elaboración dun estudo diagnóstico do xacemento, determinando as accións máis urxentes para frear a degradación dos gravados e o seu contorno e definindo un catálogo de medidas de consolidación e restauración do conxunto. □

NOTA

¹ Os labores de campo, así como os diversos estudos, efectuáronse en colaboración co Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste da USC, dirixido por Ramón Fábregas Valcarce e neles participou Carlos Rodríguez Rellán como responsable da documentación dos gravados. O estudo dos elementos compositivos, estilísticos e iconográficos foi realizado por Jorge Guitián Castromil e Xoán Guitián Rivera. O autor da diagnose do xacemento e as propostas de conservación é Fernando Carreira Ramírez. O levantamento topográfico é obra de Manuel A. Franco Fernández.



Os Mouchos: motivos representados no afloramento 1 (esquerda) e no afloramento 3 (dereita)